

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**, o día **13 de novembro de 2024**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Argimiro Marnotes Fernández
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
María Felisa Rodríguez Carrera
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:

Fiscal superior de Galicia
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Letrada:

Raquel Rodríguez Carro

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrese no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Comparecencia do Fiscal Superior de Galicia

1.1 13846 (12/MFSG-000001) Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia Memoria anual da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia Publicación da memoria, BOPG n.º 113, do 06.11.2024

O presidente, logo de darlle a benvida ao fiscal superior de Galicia para dar así cumprimento ao mandato legal establecido no artigo 11.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, informa que o debate se desenvolverá do seguinte xeito: exposición oral por parte do comparecente por un tempo de entre 20 e 30 minutos, rolda dos grupos parlamentarios por un tempo flexible de 10 minutos, e pecha o debate o comparecente.

A seguir concédelle a palabra ao **fiscal superior de Galicia, señor Suanzes Pérez**, quen procede a informar aos membros da Comisión sobre o contido da memoria anual correspondente ao ano 2024 (exercicio 2023).

A seguir, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, para que as/os voceiras/os formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)**, a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)** e a **señora Prado del Río, Paula (P)**.

Ao remate das anteriores intervencións, intervén de novo o **fiscal superior de Galicia, señor Suanzes Pérez**, para a dar resposta ás consideracións formuladas polas anteriores intervenientes e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

O presidente reitéralle o agradecemento ao señor Suanzes Pérez pola súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e despídeo ata unha vindeira ocasión.

Remata a comparecencia ás 12.00 horas.

Deseguido procédese ao debate dos restantes puntos da orde do día:

Punto 2. Preguntas

- 2.1 8477 (12/POC-001523)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Varela Fernández, Katherinie e 8 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego dos dez anos de
funcionamento do programa Iacobus
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Varela Fernández, Katherinie (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), señor Gamallo Aller**.

En rolda de réplica a **señora Varela Fernández, Katherinie (P)**, agradece a información aportada polo señor Gamallo Aller, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, señor Gamallo Aller**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Gamallo Aller nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 3. Propositions non de lei

- 3.1 6025 (12/PNC-000727)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que
elabore un plan estratéxico do deporte para incentivar a práctica do
exercicio físico e os hábitos deportivos entre as galegas e os galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A **señora Castro Rey, Paloma (S)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervéñ en primeiro lugar o **señor Suárez Ferández, Iago (BNG)**, -o Ojea Bouzo (M), *declina facer uso da mesma-* para amosar o

apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda o **señor Prieto Perille, Pablo Javier (P)**, tras expoñer diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, expón diversas consideracións sobre as razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

O vicepresidente abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

3.2 12870 (12/PNC-001214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxecto de cumprir na Administración de xustiza os acordos da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emenda por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, unha de modificación e outra de supresión (doc. núm. 14409), das que obvia a súa lectura dado que se remitiron aos membros da comisión.

A continuación a **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se expoñen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, para explica o sentido das súas emendas, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención da señora proponente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)**, para anunciar o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** o **señor Rodríguez Martínez**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica as razóns polas que non a van apoiar.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora**

Taibo Corsanego, Iria (BNG), logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario, aínda que agradece o ton emprego polo seu voceiro, expón as razóns polas que acepta a emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia, referente ao punto 6º da iniciativa, pero non así a emenda de supresión, referente ao punto 7º.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

3.1 6025 (12/PNC-000727), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8

Votos en contra: 9

Abstencións: 0

3.2 12870 (12/PNC-001214), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometida a votación a transacción acadada coa emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 14409), resulta **rexeitada** por:

Votos a favor:..... 8

Votos en contra: 9

Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal do punto primeiro da orde do día.)

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión

V. e pr.
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión